



San Mamede de Ribadulla

Este nome de etimoloxía escura pode estar relacionado coa palabra grega *mammé* 'nai, mamá'. A etimoloxía popular relacionou este nome, equivocadamente, coa palabra latina *mamma* 'mama, seo, teta', de aí que se convertese en avogado das amas de cría.

San Mamede de Cesarea (séc. III) foi pastor e mártir desta vila da Capadocia (zona central da actual Turquía). Segundo a lenda, fuxindo da persecución de Aureliano, refuxiouse nun bosque onde predicaba o evanxeo ás feras. Convertiu ó cristianismo ós soldados que o foran prender e quedaron abraizados vendo que as feras o rodeaban para protexelo. Acusado de meigo, enfrontáno no anfiteatro a un león e un oso, que se deitan mansamente ós seus pés. Finalmente foi destripado por un gladiador cun tridente. A súa lenda recolle aspectos do mito clásico de Orfeo (amansador das feras coa música) e da deusa Cibeles.

A tradición galega fai no patrón dos panadeiros, protector da lactancia e da feitura do pan.

Preséntasenos coma un mozo, vestido con túnica curta e manto. En ocasións a súa representación aparece acompañada de diversos elementos: un tridente (instrumento do seu martirio), dúas galcelas ou cervas, unhas feras, unha moa de muíño..

Celébrase o 7 de agosto.



Angustín

Este topónimo procede do latín, por medio dun xenitivo de posuidor **(villa) *Agustini*, e este de *Agustinus*. Como noutros casos, este nome de persoa faría referencia ó nome do dono dunha *villa*, sendo esta unha finca de gran extensión. Así o nome do dono serve tamén para indicar o lugar e acaba por converterse no nome da aldea.



Argunte

Este nome de lugar ten a súa orixe no nome de posesor xermánico **(villa) Argunti ou Aragunti*, de *Arguntus* ou *Araguntus*.

O raíz *ar-* significa 'rápido, disposto' e o tema *gunthi-* significa 'loita'.



Canicova

Este topónimo procede do latín *canale cova* (unha congostra).



Neira de Abaixo /Neira de Arriba

Este topónimo ten orixe preindoeuropea, nunha base hidronímica **nar* 'auga' máis o sufixo *-ia*.

Segundo Elixio Rivas, a evolución deste nome sería a seguinte: **Nar-ia > *Nár-ia > *Náira > Neira*. Existía no baixo latín palabras como *nero* 'auga' e no baixo grego *neros* 'líquido, húmido'.



San Gregorio

Este topónimo vén do nome latino *Gregorius*, tomado do grego *Gregorios* 'esperto, saído do sono', que trasladou o seu significado a 'activo, avivado, rápido de enxeño, vixiante'.



Corbeixe



Presenta unha orixe escura, quizais veña de *corvasia*, de orixe prerromana.

Feal

Vén do adxectivo latino *fenale*. *Feno* e *feo* proceden do substantivo latino *fenu* 'herba segada e seca para alimento do gando'. Na tradición lexicográfica galega atribúeselle a *feno* un significado xenerico, igual có castelán *heno*.



Socastro

Nome de lugar orográfico que vén do latín *sub castru* e fai referencia a un emprazamento que está situado á parte de abaixo dun castro, coma neste caso.

Sub é unha preposición que significa 'debaixo de'.

A palabra *castru* procede da forma latina *castru* 'fortificación'.



Os Muíños

O presente nome de lugar procede do latín *molinum* 'muíño', motivado pola presenza de numerosos muíños na zona.



Chaos

Este topónimo procede do latín *planu*, con clara referencia á planura do territorio que se nomea.



Guimarás

Vén do nome de posesor xermánico **(villa) Wimaranis*, xenitivo de *Wimara*.

O tema gótico *weig-* significa 'loita', pero outros autores din que pode vir de *weihs* 'santo'.



Rozadela

Este nome de lugar vén de *roza* e o diminutivo *-ela* (< *ale*). *Roza* é deverbal de *rozar*, que procede do latín vulgar **ruptiare*, derivado de *rumpere* 'cortar a maleza ou o toxo, limpar a golpe de fouce un monte'.



A Ponte de Sarandón

A palabra *ponte* procede do latín *pons, pontis*, 'ponte'. Segundo Elixio Rivas, a raíz hidronímica *sar-*, 'ríu, corrente de auga' é de orixe prerromana e con ela estaría emparentada o nome Sarandón. Esta presente noutros topónimos *Sar, Sarela, Sarria*...

